

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 16 DE NOVEMBRO DE 2020.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.ª María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.ª Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.ª Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día dezaseis de novembro do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.ª María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.ª Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.ª Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.ª Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 9 DE NOVEMBRO DE 2020.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 9 de novembro de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 9 de novembro de 2020.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 30 de outubro de 2020, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo -Dirección Xeral de Emerxencias e Interior-, pola que se resolve a adxudicación, en réxime de concorrencia competitiva, de equipamentos de emerxencias a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. DOG núm. 228 do 11-11-2020.
- Orde do 4 de novembro de 2020, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se modifica a Orde do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2020 e 2021 das axudas a investimentos non produtivos vinculados á

1 de 6

realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MT814A). DOG núm. 229 do 12-11-2020.

- Anuncio do 6 de novembro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal núm. 5, reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios. BOP núm. 190 do 10-11-2020.
- Anuncio do 6 de novembro de 2020, da Consellería de Emprego e Igualdade -Xefatura Territorial da Coruña -Servizo de Emprego e Economía Social-, relativo á determinación dos festivos locais para o ano 2021. BOP núm. 191 do 11-11-2020.
- Edito do 6 de novembro de 2020, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda -Xefatura Territorial da Coruña- Servizo de Conservación da Natureza-, polo que se lle dá publicidade ao expediente de segregación dunha superficie de 318,20 ha. correspondentes ao Monte veciñal en Man Común de Xalo, no Concello de Culleredo, incluídos actualmente no Tecor San Miguel. BOP núm. 191 do 11-11-2020.
- Edito do 6 de novembro de 2020, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda -Xefatura Territorial da Coruña -Servizo de Conservación da Natureza-, polo que se lle dá publicidade ao expediente de segregación dunha superficie de 143,85 ha. correspondentes ao Monte Veciñal en Man Común de Castelo, no Concello de Culleredo, incluídos actualmente no Tecor San Miguel. BOP núm. 191 do 11-11-2020.
- Anuncio do 10 de novembro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, relativo ás bases reguladoras da IV edición dos premios do Plan de emprego local (PEL-EPR Premio 2020). BOP núm. 191 do 11-11-2020.
- Anuncio do 10 de novembro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, de corrección de erros da aprobación definitiva da Ordenanza fiscal núm. 5, reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios. BOP núm. 192 do 12-11-2020.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. secretaria dá lectura ao escrito da Sra. concelleira delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte, de data 16 de novembro de 2020, que transcrito literalmente di:

“DACIÓN DE CONTA DA CONCELLERÍA DE ÁREA DE POLÍTICA SOCIAL E PROMOCIÓN DO DEPORTE.

Dase conta á **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do día **16 11 2020** das seguintes resolucións emitidas dende esta concellaría :

**PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013					
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
05/11/2020	1503	Conceder unha axuda económica.	***5605**	Bono de alimentos tipo A e o bono de hixiene tipo A, durante seis meses e	1075€

C.I.F. P-1503100-H

				cunha entrega quincenal.	
05/11/2020	1504	Conceder unha axuda económica.	****1931	Pago de aluguer, correspondente a 400€ de maio, 400€ de xuño e 275€ de xullo de 2020.	1075€
05/11/2020	1505	Conceder unha axuda económica.	***2842**	Pago de aluguer correspondente aos meses de xuño (275€) e xullo e agosto (400€/mes) de 2020.	1075€
05/11/2020	1506	Conceder unha axuda económica.	***5844**	Pago de aluguer, por importe de correspondente aos meses de abril a xullo de 2020 (165€/mes) e o mes de agosto de 2020 (143,88€). Pago de recibo de electricidade, por un correspondente ao período do 12/03/2020 ao 12/05/2020. Pago de recibos de auga, correspondentes ao 1º e 2º trimestre de 2020.	803,88€ 132,07€ 139,73€
05/11/2020	1507	Conceder unha axuda económica.	***5419**	Abono de hipoteca correspondente a 12 cuotas mensuais do ano 2020 (49,48€/mes). Pago de recibos de luz, correspondentes ao ano 2020. Pago de recibos de auga, correspondentes ao ano 2020. Pago de recibos de gas, correspondentes ao ano 2020.	593,76€
05/11/2020	1508	Conceder unha axuda económica.	***2950**	Pago de recibos de electricidade correspondente aos meses de xullo a decembro de 2020, ambos incluídos.	

C.I.F. P-1503100-H

				Pago de recibo de auga, correspondente a meses de xullo a decembro de 2020, ambos incluídos. Pago de recibo de gas, correspondente a meses de xullo a decembro de 2020, ambos incluídos. Conceder á interesada o Bono de alimentos tipo C, bono de lactantes e bono de hixiene tipo B, durante seis meses e cunha entrega mensual.	
05/11/2020	1509	Conceder unha axuda económica.	***9195**	Pago de aluguer correspondente a 350€ do mes de xuño, 350€ do mes de agosto, 350€ do mes de setembro y 25€ do mes de outubro de 2020.	1075€
05/11/2020	1510	Conceder unha axuda económica.	***3007**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de abril a agosto de 2020 (200€/mes) e parte de setembro (75€).	1075€
05/11/2020	1511	Conceder unha axuda económica.	***3454**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xullo a setembro de 2020 (350€/mes) e parte de outubro de 2020 (25€).	1075€
05/11/2020	1512	Conceder unha axuda económica.	****4266*	Pago de aluguer, correspondente ao mes de novembro de 2019.	400€
05/11/2020	1513	Conceder unha axuda económica.	***5810**	Pago de a hipoteca correspondente aos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2020 (140,95€/mes), recibo de abril (143,22€), recibos de maio, xuño e xullo (143,70€/mes) e recibo de agosto (77,83€).	1075€
05/11/2020	1514	Conceder unha axuda económica.	***2312**	Pago de aluguer correspondente aos meses	1075€

				de xullo (380€), agosto (380€) e parte de setembro (315€) de 2020.	
05/11/2020	1515	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	****6449*	Pago do recibo de gas, correspondente ao período de 13 de abril de 2020 a 09 de xuño de 2020.	127,56€

***TARXET1508A ESTACIONAMIENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
28/10/2020	1430	Denegar tarxeta estacionamiento	***6535**	
28/10/2020	1431	Expedir o duplicado da tarxeta de estacionamiento para persoas con discapacidade, por extraviado,	***9761**	Dende o 25/01/2017 ata o 25/01/2027
02/11/2020	1486	Conceder a tarxeta de estacionamiento por razón de discapacidade	***8868**	10 ANOS

C.I.F. P-1503100-H

1. AREA DE BENESTAR SOCIAL:

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

****Bancos de recursos solidarios:**

******Fondo municipal de alimentos**

Un total de **421 familias** e as **1.233 personas** que as integran, as mais vulnerables del concello, comezarán a recibir esta semana os lotes de alimentos da última fase da campaña 2020 de alimentos solidarios procedentes da Unión Europea a través do Goberno español. Son **26 toneladas de produtos non perecederos** que serán preparados e entregados mediante cita previa, e con todas as medidas COVID, por persoal da Área de Benestar ás devanditas familias ao longo das vindeiras semanas."

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

Código do documento	Código do expediente
USG14I02IJ	USG/2020/165
Código de Verificación Electrónica (COVE)  296L 2Q0J 2N60 316L 10LL	

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H